MARUJA MALLO: pintora



Plástica de Cercedilla, 1934.

MAIKA GOMEZ NOVOA

Tendes que ir ver a exposición de pintura de Maruja Mallo. Coñecerédes também o Museu de Arte Contemporáneo de Santiago. Estará até o mes de Decembro. Fixade-vos durante o percorrido na evoluición do espírito desta pintora. Evoluición mental, da mao dunha evoluición técnica.

Unha fina ironia nos temas, unha capacidade de observación e unha valentia impróprios desde logo do "espírito feminino" que a sociedade da sua época cultiva na muller.

O seu espírito valiente e rebelde soubo saltar as barreiras..., é posíbel que muitas portas que se lle fecharon ainda hoxe estarian fechadas. Mas admiremos as que abriu...!

Cremos muitas veces, agora, que temos avanzado "muitísimo", (e é muito comparado co que tiñamos), pero cando ainda vemos ás mulleres artistas, ou profesionais, o que nos pertence, decatamo-nos do muito que todavia NON TEMOS.

Maruja Mallo..., unha pioneira adiantada o seu tempo.

Nasce en Lugo en 1902. Estuda Belas Artes en Madrid na Escola de San Fernando. En 1928 realiza a sua primeira exposición da mao de Ortega y Gasset, nas Sás madrileñas da Revista de Occidente. En 1932 vai a París con unha beca de Instrucción Pública de Belas Artes. En 1934 xa en Madrid, ocupa unha cátedra na Escola de Cerámica, outra nun Instituto de Secundária e unha terceira na Residéncia de Estudantes. En 1948 lé o manifesto surrealista de Breton que marcará definitivamente a sua obra.

Expuso individualmente no Plaza Hotel de New York en 1947. En Carroll Carstairs Gallery de New York en 1948, entre as mui abondosas individuais e entre as colectivas destacan Salon Adlan (Madrid 1936); Bienal Hispanoamericana

"Retratos bidimensionais", 1941.

(Madrid 1951); Pavellón Español da Feria Mundial de New York (1964) e "Orígenes de la vanguardia española" (Galeria Multitud, Madrid 1974).

Obtivo diversos prémiso e méritos pouco usuais en unha mullher da sua época.

Se temos en conta que a cultura ten sido considerada como un ben de non fácil acceso, xa que as oportunidades para chegar a ela non foron favorábeis para nós, hai que admirar-se de todos os éxitos que Maruja Mallo obtivo.

Persoas como Ramón Gómez de la Serna ou Jean Cassou, entre outros intelectuais da época, fixeron crítica do seu facer artístico. Subliñaron, por exemplo "seu permanente estado lírico", "nutrida de zumo goyesco", "compracendo-se con xoguetes de neno, con trompos, cabalos de cartón, traxes ou esqueletos, con osários ou montañas de lama e lixos..." (J. Cassou. Catálogo Centro de Arte Contemporáneo de Galiza 1993).

Maruja irmá de Cristino Mallo desenvolve-se nun ambiente de grande sensibilidade,coñece a Rafael Alberti, Bergamín, Federico García Lorca, Salvador Dalí. Codea-se também con outras mulleres intelectuais da sua época,con persoalidade própria, Maria Zambrano ou Concha Mendez.

Polos traballos que fai e as exposicións nas que participa,así como o gosto o elexir as suas amizades, podemos observar, o longo de toda a sua biografia, a sensibilidade, intelixéncia e talento que posúe: os de unha grande artista. A creatividade temática de todas as séries, a sua variación e cámbios denotan un alma inqueda, curiosa, con avidez polas investigacións, non prestadas.

Traballou en tantos proxectos e tocou tantas ramas como se lle ofereceron: debuxo, técnicas de pintura variada, cerámica, deseño industrial e de moda..., também adicouse o ensino. Polo seu xeito de vida, denota unha grande forza vital e un enamoramento de todo aquelo que supon novidade, estética, poesia,... arte. A sua vida enteira é un xesto de algo belo en loita por alcanzar"o" sublime e sobre todo VIVER e RESPIRAR DENTRO DA ARTE: Escreve seu pensamento. Arriscada e aventureira viaxa e acepta canta oportunidade oferece-se-lle. Non dixo NON a todo aquelo que supoxo un avance. Arrisca sempre en todo o que toca.

Todo na sua vida é un canto de vocación exasperada. Todos os poros da sua pele segregan paixón de viver. Viver como un home do seu tempo, dentro do mundo que a aprisiona: o mundo da arte,...Pero que digo?...Para poder expresar a forza de unha artista non tería por que dicer "Como un home do seu tempo". Só deberia dicer:"Viver como unha grande artista cheia de paixón. Decidida a ser todo o GRANDE que o seu talento lle permitiu". Pero na sua época os artistas "só eran homes"...!!!Si, esa é Maruja Mallo. Unha eterna xoven namorada. A sua paixón, a pintura, a creación en calquer ámbito que se lle apresentou.

"Espantallo", 1932.

Maika Novoa
Pintora